



SORTEO DAS PRAZAS PARA OS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS E CAMPUS DE FÚTBOL EN BOIRO

O Departamento de Deportes do Concello de Boiro sorteará as prazas dos campamentos deportivos e campus de fútbol que a Deputación da Coruña concedeu ao Concello de Boiro.

A Deputación organiza anualmente estas dúas actividades, distribuindo as prazas entre os concellos da provincia. Nesta ocasión, Boiro tivo o seguinte resultado:

- **Campamentos Deportivos.**
 - **Prazas:** 14.
 - **Quenda:** 4 (do 25 ao 31 de xullo).
 - **Inscricións:** ata o 11 de xuño.

- **Campus de fútbol.**
 - **Prazas:** 9.
 - **Quenda:** 1 (do 4 ao 10 de xullo).
 - **Inscricións:** ata o 11 de xuño.

Mañá venres 11 de xuño (14:00 h.) remata o prazo de inscrición nestas actividades. A día de hoxe, o número de inscricións no **campamento deportivo** é de **27** e no **campus de fútbol** **17**, polo que é preciso realizar sorteo público diante do secretario municipal, tal e como se estipula nas bases.

O vindeiro **luns 14 de xuño, ás 10:00 h.**, no salón de plenos do concello, realizarase o sorteo das 14 prazas dos campamentos e das 9 do campus de fútbol. Os interesados poderán asistir a dito acto e coñecer in situ o resultado do mesmo.

Para máis información (e tamén inscricións ata mañá venres día 11), os interesados poden dirixirse ao Departamento de Deportes, na Casa da Cultura “Ramón Martínez López” (parque da Cachada) ou ben chamando ao teléfono 981-848425.

Departamento de Deportes.

